

Convenio colectivo da empresa Auxiliar Conservera, S.A. (Aucosa) (Anos 2005-2006)¹

I. Disposicións xerais

Artigo 1º.-Ámbito de aplicación.

Este convenio colectivo ten por obxecto regular as relacións laborais entre Auxiliar Conservera, S.A. e o seu persoal.

Artigo 2º.-Ámbito persoal.

Afecta este convenio a todo o persoal que estea prestando servizos actualmente nesta empresa, xa sexa na sección de frío industrial, ou na de fariña de peixe, calquera que sexa a actividade das mencionadas a que se dedique.

Artigo 3º

A vixencia deste convenio será do 1-1-2005 ao 31-12-2006.

Artigo 4º

O convenio entenderase denunciado no momento do remate da súa vixencia, e iniciaranse as negociacións o mes seguinte ao do seu remate.

Artigo 5º.-Condicións máis beneficiosas.

A empresa respectará as condicións máis beneficiosas que viñese desfrutando o persoal.

Artigo 6º.-Absorbibilidade.

Terán carácter de absorbibles e compensables en cómputo anual coas condicións aquí establecidas, as melloras económicas que por calquera disposición durante a vixencia deste convenio se puidesen establecer.

II. Condicións laborais

Artigo 7º.-Xornada laboral.

A xornada de traballo para o persoal afectado por este convenio será de trinta e nove horas e trinta minutos semanais de traballo efectivo, segundo o seguinte horario:

Factoría de frío industrial.

De luns a xoves das 8.00 ás 16.30 horas con 30 minutos de descanso e o venres das 8.00 ás 16.00 horas con 30 minutos de descanso, entendéndose os 30 minutos de descanso como tempo non efectivo de traballo. Queda exento da xornada expresada o persoal adscrito á sala de máquinas, o cal por exigencias do servizo efectuará quendas rotativas establecidas pola empresa de mañá, tarde e noite de 39 horas e 30 minutos efectivos de traballo semanal, cos descansos regulamentarios, por estaren exceptuados do descanso dominical.

Factoría de fariñas.

Quenda de noite: estará composta por un oficial de primeira e un peón, dependendo das necesidades da produción poderíase aumentar un traballador máis de cada categoría, sendo o sistema de funcionamento de forma rotativa entre todo o cadro de persoal adscrito ao dito centro, semanalmente no primeiro caso e quincenalmente no segundo. O horario será das 22.00 horas ás 6.00 horas do día seguinte con 15 minutos de descanso de luns a xoves e os

venres o horario será das 22.00 horas ás 5.30 horas do día seguinte, igualmente con 15 minutos de descanso.

¹ Publicado no DOG núm. 125, do 30 de xuño de 2005.

O descanso de 15 minutos será considerado como tempo efectivo de traballo.

O resto do persoal con contrato indefinido o 1-1-2001 que non traballase na quenda de noite, farao na quenda fixa das 6.00 ás 14.00 horas de luns a venres, con 15 minutos de descanso, este descanso será considerado como tempo efectivo de traballo.

O persoal que estivese no cadro o 1-1-1993 que realice a quenda de noite, percibirá ademais do que a lei lle outorga, un complemento que queda establecido en 3,32 A, por noite traballada para o oficial de primeira e 2,65 A, para o peón. A empresa comprométese a solucionar o transporte para o persoal que realice a dita quenda.

O persoal de nova contratación na empresa estará sometido á xornada laboral anual e ao horario de traballo que expresamente se pacte no contrato de traballo, podendo establecerse un horario flexible ou calquera outro acomodado ás necesidades empresariais.

O persoal da empresa, tanto da sección de frío industrial coma o da sección de fariñas de peixe, comprométese a atender e realizar cos traballadores que fose necesario, os labores de descarga de camións de peixe fresco e conxelado que, motivado por algún sinistro imprevisible, chegasen á empresa fóra da xornada normal de traballo, sempre e cando a dirección desta llo comunicase ao persoal, se fose posible, cunha antelación mínima de 12 horas.

A empresa coidará a través dos seus encargados e capataces de distribuír o traballo de forma tal que non se prolonguen os períodos de estadia do persoal nas cámaras frigoríficas de conxelación, para o que establecerán quendas rotativas dentro da xornada ou se alternarán as clases de traballo. En ningún caso poderá exceder de 6 horas a permanencia nas ditas cámaras, dándose por concluída a xornada unha vez chegado a ese tope. Cando se traballen períodos menores de 4 horas en cámaras, completárase a xornada normal ata 8 horas, fóra delas.

Pasadas as 4 primeiras horas, o tempo que transcorra computárase como dobre para efectos de completar a xornada.

Artigo 8º.-Licenzas retribuídas.

A empresa concederá licenzas aos traballadores que a soliciten, tendo en conta os seguintes casos:

a) Matrimonio do produtor: 15 días.

b) Enfermidade grave do cónxuxe, ascendentes ou descendentes e parto da esposa: 5 días.

c) Morte do cónxuxe, ascendentes incluídos políticos se conviven baixo o mesmo teito, descendentes ou irmáns: 5 días.

d) No caso de parentes políticos e de non existir convivencia: 3 días.

e) No caso de desprazamento da propia residencia, será o tempo necesario sen dereito a retribución polo exceso dos mencionados días.

f) Por cumprimento dun deber inescusable de carácter público, o tempo que sexa necesario.

g) 6 días para asuntos particulares, o seu desfrute será disposto pola empresa por solicitude do traballador. No suposto de que o comité e a empresa acorden desfrutar estes seis días colectivamente, o desfrute levarase a cabo desta forma.

A licenza de cinco días poderá continuarse sen dereito a retribución, logo de certificado médico, o cal será exixido cada sete días, sendo o primeiro en modelo oficial e con cargo á empresa e os sucesivos en modelo non oficial, con cargo ao traballador.

Artigo 9º.-Permisos.

A empresa poderá concederlle ao persoal permisos non retribuídos sempre que as exixencias do servizo así o permitan e obrigatoriamente no caso b) do artigo anterior, cando exceda logo da oportuna xustificación da dita licenza.

Artigo 10º.-Vacacións.

O descanso anual retribuído para todo o persoal consistirá en 30 días naturais. O período de vacacións retribuirase para cada categoría profesional cos importes que se especifican na táboa salarial anexa e que abrangue os conceptos do salario base mensual, antigüidade e complemento de asistencia.

Artigo 11º.-Prohibición de carga e descarga.

A empresa queda obrigada a non utilizar nos labores de carga e descarga que exixan subir a camións ou buques, o persoal feminino, o límite máximo que se pode cargar á man, será de 35 kg, en ambos os casos enténdese por persoa. Os menores de 18 anos só poderán efectuar labores de carga, descarga e transporte de pesos non superiores a 8 kg, para o persoal feminino e ata 20 para o persoal masculino. No caso de arrastre manual, o peso máximo será de 50 kg, cunha distancia non superior a 4 metros.

Artigo 12º.-Salario.

O persoal afectado por este convenio percibirá durante a súa vixencia e segundo a súa categoría profesional, o salario base que se especifica na táboa salarial anexa para o ano 2005 e para o ano 2006 aplicaráselle a esta táboa a porcentaxe prevista polo goberno para o ano 2006 máis un 1%.

Se o IPC supera o 31 de decembro de 2005 o 2,5%, ou o 31 de decembro de 2006 a previsión do goberno para 2006, efectuarase unha revisión salarial tan axiña como se constate oficialmente, en cada caso, con efectos retroactivos do 1 de xaneiro de 2005 ou 2006 segundo proceda, servindo como base para o incremento do ano seguinte 2006 no primeiro caso, ou 2007 no segundo.

Artigo 13º.-Gratificacións extraordinarias.

Todo o persoal da empresa percibirá nos meses de xullo e decembro, o importe de 30 días de salario base mensual do convenio, máis antigüidade e complemento de asistencia, que figura na táboa salarial anexa para cada ano.

Artigo 14º.-Complementos salariais do posto de traballo.

O persoal afectado por traballos de carácter penoso, perigoso, tóxico ou molesto, percibirá por cada día de traballo, complementos salariais na contía fixada na táboa salarial anexa para cada ano. Se o día 1º de cada ano o valor correspondente a este suplemento fose inferior ao resultado de aplicar o 20% sobre o salario mínimo interprofesional na dita data, percibirase o valor deste complemento na contía así calculada, sen que poida afectarlle calquera outra variación do dito salario mínimo interprofesional que se puidese producir durante o transcurso de cada ano.

As cantidades que resultasen de aplicar este criterio aboaranse con efectos retroactivos unha vez que sexa aprobado o convenio colectivo de cada ano. Todo o persoal percibirá unha prima de produción antes do 15 de xaneiro de cada ano dunha contía de 601,01 A no ano 2005 e 631,06 A no ano 2006.

Artigo 15º.-Complemento de transporte.

Todo o persoal da empresa percibirá en concepto de complemento de transporte, a cantidade de 0,03 A, 0,06 A ou 0,09 A diarios, segundo resida en Vigo cidade, arredores de Vigo ou outro concello, sempre e cando o viñese percibindo con anterioridade ao 31 de decembro de 1977.

Artigo 16º.-Antigüidade.

Todos os traballadores afectados por este convenio, desfrutarán de aumentos periódicos por anos de servizo consistentes en trienios-mes ilimitados, segundo o valor establecido na táboa salarial anexa.

Se o primeiro de xaneiro de cada ano, o valor trienio-mes fixado na táboa salarial fose inferior ao resultado de aplicar o 6% sobre o salario mínimo interprofesional que rexese na dita data, percibirase o valor do trienio na contía así calculada, sen que poida afectarlle calquera outra variación do salario mínimo interprofesional que se puidese producir durante o transcurso de cada ano.

As cantidades que resultasen de aplicar este criterio, aboaranse con efectos retroactivos ao día 1º de xaneiro, unha vez que se aprobe o convenio de cada ano.

Artigo 17º.-Horas extraordinarias.

Aboaranse de acordo coa táboa salarial anexa aplicándose o criterio para a súa realización recollido no artigo 13 do AI de 1983, definíndose especificamente como horas extraordinarias estruturais, as derivadas dunha prolongación necesaria da xornada como consecuencia de descargas de peixe conxelado, fresco, así como entrada da mercadoría en cámara e a súa transformación en fariña.

Por petición do traballador, cada hora extra pode ser compensada con hora e media de descanso. O desfrute deste beneficio será previamente establecido entre a empresa e o traballador.

Artigo 18º.-Vinculación á empresa.

Todo traballador que por razón de idade se xubile, cause baixa na empresa a consecuencia de invalidez permanente absoluta ou falecemento e leve nela un mínimo de 5 anos, percibirá unha indemnización a tanto global na contía de 224,59 A, que se incrementará noutros 224,59 A por cada ano de servizo ata un máximo de 933,07 A para o ano 2005. Para o ano 2006, estas cantidades incrementaranse no IPC previsto polo goberno máis 1%.

Artigo 19º.-Persoal con capacidade diminuída.

A empresa quedará obrigada a incorporar a un posto de traballo adecuado, sen diminución das súas percepcións económicas, a todo traballador que quedase incapacitado parcial ou totalmente para o seu traballo habitual como consecuencia de accidente ou enfermidade profesional, sempre que tal posto exista na empresa. No caso de nova creación daráselle preferencia a este persoal, logo da proba satisfactoria de aptitude.

Artigo 20º.-Complementos prestacións de Seguridade Social.

A empresa complementará os seus traballadores en situación de incapacidade temporal derivada dunha enfermidade común ou accidente desde o 4º ao 21º día (ambos os dous incluídos) da baixa co 25% do seu salario. Despois do 21º día, a empresa aboarlles aos traballadores que continúen nesta situación, a diferenza existente entre o seu salario e as prestacións da Seguridade Social ata a percepción do 100% do salario.

Se a incapacidade temporal é por hospitalización, a empresa aboará o 100% do salario desde, o primeiro día da baixa.

No caso de accidente laboral, a empresa complementará co 25% as prestacións que lle correspondan ao traballador, calculadas sobre as bases de cotización para accidente, a partir do día da baixa.

Cando por razón de enfermidade, o traballador precise a asistencia ao seu consultorio médico en horas coincidentes coa súa xornada laboral, a empresa concederá sen perda de retribución o permiso necesario por un total de ata dezaseis horas anuais máximo, debendo xustificarse este co correspondente volante visado polo médico.

Artigo 21º.-Complemento de asistencia.

Establécese un complemento de asistencia para as categorías que figuran na táboa salarial por un importe mensual de 61,77 A que, divididos entre 22 días estimados de traballo mensual, ofrecen unha cantidade diaria de 2,80 A. Este complemento devengarase na súa integridade se non se faltou ao traballo

ningún día durante cada mes. Para o ano 2006 incrementarase co IPC previsto polo goberno máis 1%.

A falta de puntualidade nun día de traballo que non supere a media hora, supón a perda dos 2,80 A. A reiteración de falta de puntualidade durante unha quincena, supón a perda do complemento correspondente a ese mes.

Artigo 22º

No caso de necesitar cubrir algún posto de traballo terán prioridade os fillos de produtores, sempre que reúnan as condicións exixidas para cubrir o dito posto.

Artigo 23º

Farase unha revisión médica todos os anos e para todos os empregados, a través do gabinete médico da compañía coa cal a empresa ten contratado o seguro de accidente.

Artigo 24º.-Xubilación parcial.

Ao abeiro do artigo 166.2º da Lei de Seguridade Social e do artigo 12.6º do ET, recoñéceselles aos traballadores o dereito á xubilación parcial e á redución de xornada no límite máximo do 85 % cando se teñan os requisitos legalmente establecidos.

Artigo 25º.-Roupa para o persoal.

Para todo o persoal, tanto da sección de frío como da de fariñas: 2 pantalóns, 2 polos ou camisas e un chaleco ou peza similar, botas, luvas e 2 pares de calcetíns de la ou similares, con duración dun ano.

Para o persoal que efectúe traballos en cámaras ou túneles de conxelación: a empresa proverá dun equipo completo de chaqueta e pantalón ou funda isotérmica, con duración de 3 anos como máximo. 1 xogo de botas de media cana ou zapatos especiais para o frío e luvas impermeables, con duración dun ano.

Artigo 26º

Este convenio foi acordado entre a empresa Auxiliar Conservera, S.A. representada por Eladio Liz Freire e José Manuel Antón Otero, os membros do comité de empresa Manuel Fernández Outerelo e Florencio Estévez Pérez co asesoramento de Manuel Lores Lago.

III. Disposicións derradeiras

1. Para a interpretación e o cumprimento das cláusulas deste convenio colectivo e en xeral para atender cantas cuestións se derivan da súa aplicación, establécese unha comisión paritaria que está integrada polos seguintes membros:

-Dous vogais nomeados pola representación da empresa.

-Dous membros do comité de empresa.

Esta comisión reunirse a pedimento de calquera das partes, logo de convocatoria nun prazo de 72 horas.

2. O comité de empresa, ademais das que a lei lle outorga, terá as seguintes funcións específicas:

- a) Denunciar o convenio como lexítimo representante dos traballadores.
- b) Negociar convenios coa dirección; durante este proceso poderán ser asistidos polos asesores que consideren oportunos, logo de comunicación.
- c) Os delegados sindicais gozarán de 15 horas mensuais para os seus labores sindicais. As horas non precisadas por un ou varios delegados poden ser utilizadas por outros delegados que superasen a súa cota, sempre que non excedan do cómputo total de horas que correspondan á totalidade dos delegados existentes.
- d) En caso de realización de congresos sindicais da central que representan, a empresa autorizará o tempo necesario para asistir a estes.
- e) A empresa, a pedimento persoal de cada traballador, descontará da súa nómina o importe mensual da cota sindical, a cal será ingresada na conta que se lle indique na mencionada petición, nos cinco días seguintes á liquidación de haberes.

Táboa salarial de 2005

Categoría	Salario base mensual	Complemento salarial Importe día traballado	Antigüidade importe 1 trienio mensual	Complemento asistencia mensual
	Artigo 12	Artigo 14	Artigo 16	Artigo 21
Xerente	1.647,16	0,00	75,58	0,00
Axudante titulado	1.462,30	0,00	64,79	0,00
Xefe administrativo	1.462,30	0,00	64,79	0,00
Oficial 1 administrativo	1.052,97	0,00	44,50	0,00

Oficial 2 administrativo	875,76	0,00	36,98	0,00
Auxiliar administrativo	818,29	0,00	36,98	0,00
Encargado xeral	1.008,04	4,57	41,15	61,77
Encargado de 2ª	987,45	4,40	40,01	61,77
Encargado mantemento	959,51	4,40	40,01	61,77
Ofic. 1 máquinas	938,81	4,35	39,44	61,77
Ofic. 1 produción	867,01	4,12	36,98	61,77
Ofic. 2 produción	849,00	4,12	36,98	61,77
Peón especialista	830,98	4,12	36,98	61,77
Peón	820,08	4,12	36,98	61,77

Operario/a fabricación	802,20	4,12	36,98	61,77	

Táboa horas extras

	Oficial 1		Peón especialista		Peón	
	Día normal	Festivo	Día normal	Festivo	Día normal	Festivo
S/antigüidade	10,07	14,34	9,39	13,47	9,30	13,28
01 trienios	10,38	14,82	9,79	13,96	9,59	13,77
02 trienios	10,65	15,30	10,07	14,45	9,88	14,16
03 trienios	11,05	15,81	10,38	14,82	10,19	14,63
04 trienios	11,35	16,27	10,66	15,30	10,55	15,12
05 trienios	11,72	16,67	11,05	15,70	10,77	15,50
06 trienios	12,02	17,25	11,34	16,23	11,05	15,89

07 trienios	12,31	17,54	11,62	16,57	11,34	16,27
08 trienios	12,59	18,13	11,92	16,96	11,62	16,75
09 trienios	12,88	18,70	12,11	17,35	11,92	17,14
10 trienios	13,17	19,29	12,39	17,73	12,21	17,54